

# Polas augas altas do Douro



PACO MARTÍN  
(Lugo, 1940). Mestre de escola xubilado  
e escritor

Supoñamos que quedaches con alguén en Madrid porque hai moitísimo tempo que non nos vemos e somos como da familia e o sitio cadra, mais ou menos, a metade do camiño que separa os nosos lugares de residencia e hai unha magnífica exposición no Prado, e así, levando os automóbiles, podemos agasallarnos uns aos outros que sempre haberá onde meter os paquetes. *Algo de augardente para o vello, e para nós, e algún queixo, e roxóns coma os da outra vez, que agora con iso do envasado ao baleiro aguantan ben e nós xa sabemos o que temos que vos levar, que son moitos anos de sabermos uns dos outros... Tamén lin algo dunha exposición de arte celta en Soria, pero Soria, que queres que che diga? Non creo que pague a pena o desvío, especialmente para nós que nos cae moito a trasmán. Encárgome eu do hotel de Madrid. Tres noites polo menos. O día que chegas pouco se aproveita... Xa mirarei tamén por internet o das entradas. Vós poñedes o*

*corpiño, como dicía o Manuel... Mañá ou pasado volvemos falar e xa terei todo amañado...*

E ti vas dicindo que si, cando podes, e soamente che queda agardar a que chegue a data do encontro madrileño, do que xa sabes que vai ser, coma sempre, grato e enriquecedor. Claro que, se cadra, a exposición esa de arte celta non está mal e ir dar unha volta por esas terras... *Si, de seguro que a exposición é interesante, que hai moito que ver durante a viaxe e non deixedes de visitar Salas de los Infantes, é unha fermosa vila e ten un curioso museo do diplodocos... Se cadra sérvelle ao papá para lembrar cousas da súa infancia... Os fillos, xa se sabe!*

Así que procuras os roxóns, unha garrafiña pequena de augardente, catro envases de chourizos de porco celta e algunha cousiña máis para que haxa algo de sorpresa e decides marchar da casa cinco días antes do da cita madrileña, que xa de se botar fóra da casa paga a pena andar algo á improvi-

sación. Ningún dos dous, falo da miña compañeira de tantas viaxes de ida e de volta, somos especialmente dados a iso de madrugar pero cando hai que facelo, faise e a outra cousa. Ou sexa que saímos cedo e collemos o Camiño que unha noite Carlomagno vira debuxado no ceo de Aquisgrán, pero desta volta cara ao oriente e pola terra asfaltada de autovías e autoestradas. Se cadra non é cousa de ir xantar a Burgos como tiñamos previsto e resulta máis práctico coller xa cara a Salas de los Infantes e facelo alí. Tampouco non paga moito a pena volver outra vez por Silos (Tempos aqueles que un aínda acorda nos que, cunha miguiña de sorte e un certo tempo de conversa co frade oportuno, mesmo podías andar, controladísimo, iso sí, apampanado pola biblioteca). A Salas, que agora logo se chega aos sitios e tamén cómpre ir sabendo das cousas de comer de cada lugar. E coa decisión tomada imos falando da sanguenta lenda dos sete infantes de Lara e van saíndo outros romances, tamén de tráxico argumento, mentres o auto circula sen atrancos por unha estrada ben asfaltada e nun día de ceos case limpos de todo. Sae, naturalmente, o romance de Alvargonzález e eu aproveito a ocasión para falar dun filme baseado no romance de Machado e do que era guionista –ou, polo menos, coguionista– don Lázaro Montero, profesor meu de literatura no Instituto Masculino de Lugo. La Laguna Negra era o seu título e proxectárono no Cine España lugués –que, por certo e segundo teño lido en algunha parte –ou segundo alguén me contara hai tempo– nacera chamándose algo así como Cine Irmandiño xa ben andada a primavera do ano 1936, nome que soamente durou até o golpe de Estado. *Que carajo de Irmandiños ni mariconadas de esas!* –debeu dicir o fulano que mandaba o pelotón– *España es como tiene que llamarse, que está escrito en las cachas de esta pistola...* E, naturalmente, así foi como se chamou até a súa desaparición, aló polos anos setenta do século pasado. Se cadra todo isto que digo da



sala de cine tan querida e frecuentada por don Ánxel Fole *non é vero*, mais...

E, fala que te falarás, chegas a Salas con tempo para ir ao museo dos diplo-docos antes do xantar. Cóntanche das moitas pegadas destes animais que é posible ver en distintas paraxes da rodeada. En *Galiza, isto dos dinosaurios non parece que...?* Pregúntanche. *A verdade é que ali isto levámolo dun xeito diferente.. Aínda os hai que están vivos...* contestas. Tamén che contan que aqueles foran os escenarios nos que Sergio Leone filmara *Il buono, il brutto, il cattivo* (a min é que me gusta moitos máis o título en italiano) e así véñenche á cabeza a música de Morricone e mais os rostros de Clint Eastwood, Lee Van Cleef e Eli Wallach que andan á procura do ouro nun Far West localizado ao pé da Serra da Demanda.

En Salas de los Infantes hai máis cousas que ver, pero xa veñen nas guías. Un aviso: cómese ben e a morcilla que lles é máis propia, dixéronmo eles, é a de fariña. Está boa.

Segues camiño e a uns poucos quilómetros indo cara a Soria bates cunha pequena vila –que, seica, tamén é concello– chamada La Gallega. Ao ler o letreiro deixas que te mova algo semellante a unha curiosidade patriótica e paras. O primeiro que descubres é que por alí pasa o Camiño de Santiago (ou, polo menos, un deles) e que aos que de alí son chámanlles “galle-ganos”. Non ten moito que ver pero tampouco non é o peor sitio para dar unha voltíña, ollar o que podíamos chamar unha mostra da arquitectura



rural destas terras e tomar outro café antes de volver ao automóbil. En San Leonardo apartas e colles pola estrada que vai pola beira do canón do río Lobos e tes que parar dúas ou tres veces –os días neste tempo son longos e dan para moito- apampando diante da impresionante paisaxe e intentas fotografar o voo maxestoso dos voires que parecen ser os amos de todo aquilo. O peor é que a túa cámara é de pouca calidade e ti es tan levado pola curiosidade e a gana de ver cousas que non podes dedicarte a ollalas a traveso dun visor para despois facer a viaxe de verdade na casa contemplando as fotografías e dándolle a vara a parentes e amigos. Nada hai, pensas, mellor que os ollos teus. E, claro, así saen as fotos como saen.

Nesta non se verán, pero estou en condicións de asegurar que por aí andaban a voar polo menos tres ou catro.

Segues viaxe sabendo que todo isto paga moito a pena e que non queda máis remedio que volver con máis vagar. E chegas a Burgo de Osma onde procuras cea e cama. Calquera das dúas cousas é doada de atopar e para calquera delas hai abondo onde escoller. Como un xa non é novo, a viaxe longa, a compañeira algo cansa e hai cuestións nas que cómpre reparar ben do corpo para manter viva a mente, facemos pousada non bo hotel, desfacémonos dos pos do camiño, mudamos roupas e calzado e saímos dar unha voltiña de recoñecemento antes de procurar un lugar axeitado para a cea.

É esta unha cidade moi agradable de ver e moi interesante de visitar, cunha catedral en verdade competente (que diría o Manuel). Mais todo o que a isto toca aparece de sobras explicado en todas as guías ao uso, de maneira que nós podémonos ir deitar tranquilamente e sen maiores explicacións.

Pola mañá hai que coller cara a Soria, polo da exposición, por Antonio Machado e mais pola propia cidade. Parada en Calatañazor, que, pensamos, debe ser onde o tal Almanzor quedou sen poder acompañar ao gaitero pola perda do tambor, pero que en realidade é un lugar moi fermoso, medieval, restaurado, segundo nos contan, por alumnos e profesores de ensino básico e medio da provincia que souberon facer daquel labor modelo educativo. O casal está cheo de restaurantes e fondas e gardado por unha ben conservada muralla. *Aquí –dinche- rodou Orson Welles “Badaladas de media noite”. Aquí e tamén en Berlanga...* Ou sexa que son estas terras axeitadas para o do cine, e non do máis malo, por certo. *E o da batalla?*, preguntas. *Aquí non foi...* Contestan e así queda a cousa. E segues camiño para chegar a Soria e aproveitar nela boa parte do día coa intención de volver parar aquí á volta e achegarte até as fermosísimas paraxes das beiras do río Avión (ou Abión como se pode ver no letreiro que aparece na foto con Calatañazor ao fondo)

En Soria ves o que tes que ver, ademais da exposición que comparte espazo coas coleccións que garda o Museo –que paga moitísimo a pena, como tamén pon nas guías- porque, aínda que o que hai que ver non é pouco, está bastante cómodo de visitar e para baixar á beira do río e ver o claustro de San Juan e demais usas o coche. Tampouco non se come nada mal aquí, na capital. Se cadra un excede algo no das morcillas e o año por máis que as admonicións lóxicas de Ánxela fagan algo de mancadura na conciencia desa pequena gula que todos temos. Está tan bo día que apetece cumprir o rito debido a don Lázaro e subir até a La-

guna Negra. Á estrada chégalle ben, pero é moito o que se vai vendo. *E el habrá néboa aló arriba?*, preguntamos, e comprendemos que a paisana entende ben do clima da bisbarra: *O día está claro e..., pero se cadra arriba... Igual hai, pero se cadra non... O encoro inflúe...* E non hai néboa pero non se pode parar moito pensando na volta na que, xa sen paradas, igual nos colle a noite. O ambiente de El Burgo, así á tardiña, é moi agradable.

O día seguinte tocan canóns pola mañá, o do río Lobos, xa máis de vagar, e o do Avión, onde aparece Ánxela fotografada.

Hai unha chea de plantas que, ao parecer, son propias da bisbarra e tamén paga moito a pena respirar fondo e apreciar o arrecendo de herbas e flores que todo enche.

Volta con algunhas paradas lóxicas e toda a tarde no Burgo de Osma. Ver e descansar que mañá toca visita a Berlanga de Duero –nas guías vén unha chea máis de información– onde din que El Cid foi o seu primeiro alcalde, hai unha botica preciosa e na colexiata un caimán desecado que trouxera das Américas un frade natural da vila, defensor dos indíxenas do novo mundo e descubridor das Illas dos Galápagos, que inspirou a fabricación duns doces de feitura de saurio e que chaman “lagartos de frei Tomás”. Eu son pouco lambuceiro, pero son bastante sabedores.

E segues até San Baudelio, que tantas veces viches nos libros, e o paisano que repara do monumento repara tamén, ao mesmo tempo, dunhas poucas ovellas e algúns anos que pacen por alí. Se lle preguntas pola venda das pinturas orixinais, o home ri e diche convencido de que os cartos dos americanos mercan calquera cousa que lles apeteza.

O seguinte día dedícalo a El Burgo, aos seus monumentos, ás agradables beiras do río que por alí pasa, que é o Avión, e a ser espectador dunha corrida de maratón que se veu desenvolvendo polos arrabaldes e remata con varias voltas polas rúas do centro antes de chegar á meta, que está na praza maior.



A verdade é que durante este tempo paraches en varias aldeas de poucos e moi amables veciños, interesante arquitectura e amplos horizontes. En todos estes lugares, sexan vilas, cidades ou aldeas, teñen nunha praza principal o “Rollo”, que é unha columna, xeralmente de pedra máis ou menos labrada, rematada nunha bola, ou nunha cruz, que dá noticia da categoría do lugar e onde se dicían pregóns e avisos. O que hai nunha aldea chamada Rello é unha vella bombardra chantada na terra e a xente de alí convidate a que digas de corrido: *El rollo de Rello es de hierro* para oír como te encerellas.

Hai, palabra, moitísimo que ver, que sentir, que comer, que beber, que escoitar, que falar, que vivir, que imaxinar... nunha viaxe coma esta, pero como isto vai xa longo de máis e pola mañá temos que coller cara a Madrid, sobre todo para levar a augardente e mais os roxóns, deixaremos, xa que logo, a cousa aquí. E do que veu despois xa falaremos ■